

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

MAR DE CREBAS

INTERVENCIÓN
ARTÍSTICA DE
ALEJANDRA
SAMPEDRO NAS
TORRES HEJDUK

1 AGO-
3 NOV
2013

CIDADEDACULTURA.ORG





GAIÁS CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia con resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.


Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais internacionais e espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, e o espazo de coworking “Emprende Cultura Gaiás”.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.



Tricéfalo, 2012
Técnica mixta e crebas
Medidas: 44,5 x 44 x 22 cm

MAR DE CREBAS

Conectado co Land Art, o modernismo de Gaudí ou a arte Povera, *Mar de Crebas* da artista emerxente Alejandra Sampedro explora a idea de pegada e memoria como resto arqueolóxico. Un acto de resistencia onde pequenos fragmentos esquecidos funcionan como unha posible prolongación do obxecto e do suxeito ao que puidesen pertencer. Crebas que gardan a memoria dunha vida e dunha orixe incerta.

Formado por obra fotográfica e escultórica, *Mar de Crebas* funciona como unha crítica ao mundo consumista e ao olvido, optando por unha actitude de rescate de algo que nun principio foi despojado de todo valor económico. As pezas escultóricas –compostas coas crebas ou despozos que cuspe o mar– xorden como unha masa informe que pretende cobrar vida, mentres que as fotografías son pezas artísticas que funcionan como elementos de localización xeográfica e conceptual.

A nova intervención nas Torres Hejduk ten un forte

arraigo nos mitos relacionados coa etnografía galega e a cultura mariñeira, centrada na idea de naufraxio provocado polo monstro mariño.

As redes de cores que cubren as Torres Hejduk emulan o faro vello de Cabo Silleiro, onde o avó da artista traballou como fareiro e onde aparecen moitos recordos da infancia. Un lugar misterioso, cheo de lendas relacionadas con naufraxios e estranos sucesos, ademais de albergar unha vella batería militar e o antigo vertedoiro de Baiona, onde as crebas cerámicas e de porcelana chegan desde orixes tan dispares como Alemaña, Francia, Portugal, China ou Galicia, e o mar as devolve perfectamente pulidas en multitude de formas e cores.

Unha viaxe ao mundo da pesca e do mar, nun contexto de animais fabulosos e monstros mariños que enchen de maxia a contorna do Gaiás, reforzando sensacións coa luz instalada no corpo superior da Torres Hejduk que se encenderá intermitentemente na noite.

S/t, 2013

Técnica mixta e crebas
Medidas: 25 x 16 x 10 cm.



S/t, 2013

Técnica mixta e crebas.
Medidas: 72 x 45 x 107 cm



Premolar canino I, 2012

Técnica mixta e crebas
Medidas: 75 x 70 x 35 cm



Cromofilia, 2012
Técnica mixta e crebas
Medidas: 70 x 32 x 25cm



S/t, 2011
Fotografia
Medidas: 200x120 cm.





ALEJANDRA SAMPEDRO

Alejandra Sampedro (Valencia, 1988) ten a capacidade de conmoer a través da súa obra. Artista emerxente, na súa curta carreira profesional destaca debido ao orixinal do seu proxecto artístico, así como a súa grande autenticidade e por tratarse dun traballo moi completo e rendodo que abarca escultura, fotografía e agora tamén intervención urbana, un modo de traballar moi en boga na arte actual e urbana máis social e de vangarda.

Graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, cursou estudos universitarios de performance, fotografía e pintura con Cristina Fernández Núñez. Completa a súa formación artística co Máster Universitario en Arte Contemporánea, Investigación e Creación (UVigo). Recientemente amplía estudos de escultura con Bárbara Alonso no taller Almart en Madrid.

Seleccionada no Certame Novos Valores 2011 da Deputación de Pontevedra, expón a súa obra no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra (Xullo, 2011). A partir deste momento realiza exposicións na galería Sargadelos de Pontevedra e o Museo de Pontevedra.

Desde o ano 2012 é seleccionada pola galería About Art para diversas exposicións colectivas como *EMERGENTES* na galería About Art de Pontevedra; *XERACIÓN 80: a natureza dos estados intencionais da muller*, no Pazo

da Cultura de Pontevedra; *3 artistas de About Art*, no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela. Individualmente, expón por primeira vez na galería About Art (outubro-décembro 2012) cunha moi boa acollida. Asistiu á Jäälphoto Fair (Madrid, febreiro, 2013) como artista representada por About Art obtendo grande éxito de vendas e de crítica.

ABOUT ART

ABOUT ART é unha galería de arte situada no centro cultural de Pontevedra que aposta e apoia mediante a promoción, a difusión e a formación, a arte contemporánea. Ofrece unha liña ecléctica de calidade artística, contando con pezas únicas, singulares e excepcionais.


Comprometida cos novos valores, a galería desenvolve exposicións propias e proxectos de comisariado noutros espazos expositivos e urbanos. María Díaz e Araceli Torres, directoras da galería, son licenciadas en Historia da Arte con formación en Museoloxía, Tasación, Catalogación, Conservación e Restauración de Bens Culturais. Ambas as dúas posúen unha ampla experiencia profesional, colaboraron con entidades como o Museo de Pontevedra, o museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Sargadelos, Centro Galego de Arte Contemporánea, Deputación de Pontevedra, Caixanova ou o Instituto Nacional de Arqueoloxía e Historia de México entre outras.

TORRES HEJDUK

As Torres Hejduk da Cidade da Cultura de Galicia convértense ao longo de 2013 nun lugar de intervención artística, onde diferentes creadores reinterpretan este conxunto escultórico a través da súa obra. Deseñadas en 1992 polo arquitecto John Hejduk (Nova York, 1929-2000), estaban pensadas para situarse no compostelán parque de Belvís para funcionar como un xardín escultórico-botánico, dando cabida a actividades pedagóxicas. O proxecto non chegou a materializarse e, tras a morte do seu amigo e compañeiro en The New York Five –grupo que mellor representa o espírito do neorracionalismo arquitectónico–, Peter Eisenman decidiu construírlas na Cidade da Cultura, converténdose nun dos símbolos do complexo.

Situadas no borde suroeste do Monte Gaiás, estes faros vixías do devir de Santiago de Compostela xogan coa pureza da súa composición xeométrica e o contraste de materiais nunha poética formal de ausencias e presencias.

Eisenman concebiu as torres como “a igrexa sen corpo” e, desde a distancia, as súas siluetas recórtanse como eco esquemático das torres da Catedral de Santiago na liña do horizonte.




INFO PRÁCTICA

1 de agosto-3 de novembro

Horario: todos os días,
de 10:00 a 20:00 horas.

Entrada de balde.



PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos respon-

sables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

Banco Gallego



Estrella Galicia 





GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA